



BOP

LUNS, 27 DE XANEIRO DE 2025

N.º 021

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO “PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024”. RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2024, acordou:

Primeiro- Aprobar a proposta de concesión provisional das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base 12 das bases da convocatoria, *Acordos de concesión e notificacións*, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo co punto 12, *Acordos de concesión e notificacións* das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 2 do venres 3 de xaneiro de 2025 da notificación aos interesados de acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 27 de decembro de 2024, **terá carácter definitivo por finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións** e en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Ao abeiro do previsto na base 12, *Acordos de concesión e notificacións*. das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O referido anuncio tamén se publicará na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de Recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 22 de xaneiro de 2025.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023. O deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 0176

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 17 DE XANEIRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xaneiro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Con ocasión da elaboración e aprobación dos orzamentos da nosa entidade para o ano 2023, foi creada unha praza de Técnico de Normalización Lingüística coa finalidade de reforzar os efectivos desta especialidade, xa que os que actualmente ten no cadro de persoal están dedicados a outras funcións organizativas.

A Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de dar resposta máis áxil ás necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino ou de contratación de persoal laboral temporal que se presenten para atender os requirimentos de efectivos que formulen os distintos servizos e unidades para poder desenvolver as súas actividades, ten articulado un sistema de listaxes de emprego temporal que permiten o chamamento de efectivos cunha maior eficacia e aforro de tempo sen realizar en cada momento novos procesos selectivos facendo compatible o principio de eficacia e celeridade cos principios constitucionais, de acceso ao emprego público, de igualdade, mérito e capacidade.

Atendendo á actual realidade da organización resulta necesario constituír unha listaxe de Técnico/a de Normalización Lingüística por si se establecese como necesario e urxente incorporar efectivos da dita especialidade.

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

*Visto que neste momento non existen efectivos que podan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a entidade cree a citada listaxe para poder atender futuras incorporacións axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Normalización Lingüística, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán as bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS.

O obxecto das presentes bases é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DA LISTAXE QUE SE CONVOCA.

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	A	A1	Ás distintas Unidades Administrativas, que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza A-1 e a o posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL.

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Licenciatura en Filoloxía galega; Licenciatura en Filoloxía hispánica (con habilitación de galego); Licenciatura en Filosofía e Letras (sección Filoloxía hispánica, subsección galego-portugués); Grado Universitario en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (galego e español); Grado Universitario de Estudos de Galego e Español; Grado Universitario en Galego e Portugués; estudos Lingüísticos e Literarios; ou Grado Universitario en Lingua e Literatura Galegas.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 5.

6. PROGRAMA:

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.

2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.

3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.

4. O Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.

5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.

6. As persoas interesadas. Dereitos da cidadanía nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.

8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.

9. O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

B) MATERIA ESPECÍFICAS:

10. Orixe do galego. As linguas de substrato, a romanización e as linguas de superestrato.

11. A lingua galega na Idade Media. A lingua galega nos Séculos escuros. A situación da lingua galega desde o rexurdimento á Guerra Civil.

12. A situación da lingua galega desde a Guerra Civil ao 1978. A situación da lingua galega desde a oficialidade ata o momento actual. O galego hoxe, o estándar. Proceso de estandarización da lingua galega.

13. Situación lingüística de Europa e do mundo: plurilingüismo e multilingüismo. Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa e en España.

14. A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Situación sociolingüística do idioma galego: bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico.

15. Situación sociolingüística de Galicia: lealdade lingüística, cambio lingüístico, prestixio e promoción social da lingua galega. Usos e actitudes lingüísticas. Competencia lingüística e lingua inicial.

16. A lingua galega na Comunidade Autónoma de Galicia. Normalización e normativización da lingua galega.

17. Lexislación lingüística. A Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.

18. A Lei de normalización lingüística. O Plan de normalización da lingua galega.

19. Dereitos e deberes lingüísticos. Lexislación lingüística. Política lingüística e planificación lingüística. Definición e obxectivos.

20. Dinamización lingüística e normalización da lingua galega. Definición e obxectivos. Criterios para elaborar un plan de normalización lingüística para a Administración Local e en concreto para as deputacións provinciais.

21. Os servizos de normalización lingüística. Organización, funcións, medios, recursos e medidas. Dinamización lingüística e promoción da lingua galega desde un servizo de normalización lingüística.

22. Actores da política lingüística: institucións, organismos públicos e privados, organizacións sociais e individuais. Intervención e participación.

23. Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías da información e da comunicación: incidencia no proceso normalizador. Cine, música, teatro, pintura, arquitectura, relixión... A súa incidencia no proceso normalizador.

24. A gramática; tipos de gramática e termos gramaticais.

25. A gramática do texto. O texto e as súas propiedades.

26. Fonoloxía, fonética e ortografía da lingua galega. Os fonemas do galego e os trazos distintivos.

27. O sistema vocálico da lingua galega. O sistema consonántico da lingua galega.

28. A sílaba. O acento e a entoación. O acento diacrítico. O artigo, o demostrativo e o posesivo. Os indefinidos e os numerais. As indicacións de lugar, de tempo, das datas, de cantidade. As indicacións de pesos e medidas.

29. O substantivo. Xénero e número. O adxectivo. Clases e graos.

30. Os relativos, interrogativos e exclamativos. O pronome persoal tónico e o tratamento persoal.

31. O pronome persoal átono. O dativo de solidariedade e o dativo de interese. A colocación do pronome na oración.

32. O verbo. Conxugacións. Os verbos regulares e semiregulares. Os verbos irregulares. Valores dos modos e tempos verbais. As formas non finitas do verbo: o infinitivo, o xerundio e o participio.

33. As perífrases verbais. Estrutura e tipos. O adverbio. Clases.

34. A preposición. Formas e usos das preposicións e das locucións prepositivas. A conxunción e as locucións conxuntivas. A interxección.

35. Unidades sintácticas: o texto, a oración e o enunciado. O enunciado e a frase. Tipos de frases e enunciados. A frase e tipos. Os elementos constituíntes dunha oración e funcións sintácticas.

36. Unidades sintácticas: tipos de oracións segundo o predicado. As oracións simples e constituíntes.
37. As oracións compostas. Tipos. As oracións coordinadas. Tipos. As oracións subordinadas. Tipos.
38. A semántica: campos semánticos e familias léxicas. Os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia. Os cambios semánticos, tabús e eufemismos.
39. A lexicoloxía. A palabra e os seus constituíntes. Mecanismos de creación de palabras: derivación, composición e parasíntese. Préstamos, neoloxismos, siglas e acrónimos.
40. A terminoloxía en Galicia. Principios básicos do traballo terminolóxico e ferramenta de normalización lingüística. As gramáticas e os dicionarios galegos. Tipos de dicionarios e usos. Problemas na utilización de dicionarios.
41. Unidade e variedades da lingua galega. Variedades xeográficas ou dialectais da lingua galega.
42. Interferencias lingüísticas na lingua galega: vulgarismos, dialectalismos, hipergaleguismos e lusismos; castelanismos fonético-fonolóxicos, morfosintácticos e léxico-semánticos.
43. Os tecnoletos e a linguaxe administrativa.
44. Propostas de renovación e de modernización da linguaxe administrativa.
45. Técnicas de redacción e estilo administrativo. Tipos de textos.
- Lugo, 21 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0169

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPT. 1499/2024.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE BURELA

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data de 6 de novembro de 2024 a Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello de Burela, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP de Lugo número 264, de 15 de novembro de 2024.

Ao non presentárense reclamacións ou suxestións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante do Concello de Burela cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, co seguinte tenor literal:

“PREÁMBULO

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obrigatoriedade de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas na liberdade de establecemento e prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 a 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente.

Se ben con carácter xeral as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento así como a introdución de certas modificacións que tratan de reflectirse no presente texto, na medida que este tipo de actividade comercial require o uso do solo público que debe conciliarse con razóns imperiosas de interese xeral de orde público, a seguridade e a saúde pública.

Dada a escaseza de solo público dispoñible, o número de autorizacións será necesariamente limitado. Por isto, o procedemento de concesión debe ser público e transparente de forma que, a pesar de que as autorizacións deben ser limitadas no tempo, se proporcione un resarcimento xusto dos investimentos acometidos polos seus titulares.

En consonancia co anterior, a venda ambulante en solo privado non requirirá de autorización previa, abondando a presentación dunha declaración responsable e comunicación previa.

No tocante ao réxime de competencias, a regulación da venda ambulante venlle atribuída aos concellos xa na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (artigo 25.2.g)), na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigo 80.2.g)), no Regulamento de servizos das Corporacións Locais de 17

de xuño de 1955 e tamén na normativa sectorial tanto de ámbito autonómico como estatal (Lei 13/2010, de 17 decembro, do comercio interior de Galicia e Lei 7/1996 de ordenación do comercio minorista.

Mención especial merece a venda directa exercida por parte de agricultores e agricultoras da produción propia sen transformación ou a súa primeira transformación, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea pois, se ben estes vendedores non poden considerarse comerciantes -e polo tanto exercer a venda ambulante- para os efectos da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (artigo 2.1º), si poden vender os seus produtos en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, tendo esta venda a consideración de actividade agraria, ao abeiro do establecido no artigo 2.1 da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

TITULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e ámbito

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o exercicio da venda ambulante dentro do termo municipal de Burela, tanto se se exerce en espazos públicos como en espazos privados.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza a regulación dos postos autorizados na vía pública de carácter fixo e estable nos que se desenvolvan actividades comerciais de xeito habitual e permanente en virtude dunha concesión administrativa, que se rexerán pola súa normativa propia.

Artigo 2.- Títulos, competencias e réxime xurídico

2.1.- O presente regulamento dítase en exercicio das competencias que se atribúen ao municipio pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e a 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

2.2. Será de aplicación a esta materia, ademais do contido desta Ordenanza, a seguinte normativa:

- Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia
- Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.

Artigo 3.- Concepto de venda ambulante.

30.1.- Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódico ou continuado, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións ou vehículos tenda, carriños e outras instalacións de carácter itinerante.

3.2.- Non terán a consideración de venda ambulante as vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral, que se rexerán pola súa regulación propia.

3.3.- A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, legalmente constituídas que se adiquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos na presente Ordenanza e na normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 4.- Modalidades de venda ambulante.

A venda ambulante tan só se poderá levar a cabo baixo algunha das seguintes modalidades:

4.1.- Venda ambulante en mercados periódicos: é aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, e cunha periodicidade habitual establecida.

4.2.- Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

4.3.- Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante nas festas populares e romarías realizadas no termo municipal.

4.4.- Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizadas nas zonas ou lugares determinados.

4.5.- Venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante.

Artigo 4.- Exclusiones da presente Ordenanza

Non constitúen venda ambulante aos efectos da presente ordenanza as seguintes actividades, que deberán rexerse pola súa normativa sectorial:

- Vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral.
- As actividades de carácter promocional organizadas polos establecementos comerciais, con independencia da súa duración.
- Modalidades de venda especiais, como a venda a distancia, as vendas automáticas ou a venda en poxa pública.
- Mercadiños de intercambio na vía pública.
- Rastros solidarios.

5.- Lugar de exercicio da venda ambulante.

5.1.- A venda ambulante só poderá exercerse nos mercados fixos, periódicos ou ocasionais así como nas zonas da vía pública que, en cada caso, autorice o Concello e en espazos privados.

5.2.- Os postos de venda ambulante non poderán situarse nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

5.3.- En todo caso, os postos situaranse en lugares que contén coas condicións axeitadas de salubridade e limpeza.

Artigo 6.- Produtos obxecto de venda ambulante.

6.1.- En ningún caso poderán ser obxecto de venda ambulante os bens ou produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueles outros que, en razón á súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico sanitaria e de seguridade.

6.2.- A determinación dos produtos obxecto da venda ambulante determínase no artigo 23 da presente ordenanza.

Artigo 7.- Dos vendedores ambulantes.

6.1.- A venda ambulante pode ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexa sociedade mercantil ou cooperativa, que reúna os requisitos establecidos na presente ordenanza e demais normativa aplicable.

6.2.- Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente no exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán de que os produtos obxecto da venda cumpran as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais aspectos aos que nela se faga referencia.

TITULO II

VENDA AMBULANTE EN ESPAZOS PÚBLICOS

CAPÍTULO I - As autorizacións

Artigo 8.- Características das autorizacións.

8.1.- Necesiedade: O exercicio da actividade de venda ambulante nos espazos públicos do Concello de Burela, en calquera das súas modalidades, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal, de acordo co procedemento previsto nesta ordenanza.

8.2.- Duración limitada: As autorizacións terán unha duración máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos.

8.3.- Publicidade: O comerciante deberá ter exposta ao público e ás autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible, a tarxeta á que fai referencia o artigo 12.

8.4.- Única: Requiritase unha autorización por cada posto e para cada unha das modalidades de venda ambulante.

8.5.- Competencia: O outorgamento das autorizacións será competencia da Alcaldía, sen prexuízo dos uso das súas facultades de delegación.

8.6.- Transferibles: As autorizacións serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que reúnan os requisitos establecidos nesta ordenanza para o seu outorgamento e logo de comunicación escrita, segundo o modelo que se achega como anexo II, á autoridade municipal competente. A transmisión dunha autorización non afectará ao seu prazo de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do seu prazo de duración.

8.7.- Cesión temporal: Con carácter excepcional, e por motivos familiares debidamente xustificadas, o titular poderá solicitar ao Concello, autorización para a cesión temporal do seu posto a outra persoa que reúna os requisitos establecidos nesta ordenanza para a venda ambulante, e polo prazo máximo de dous días consecutivos. Dita solicitude formalizarase segundo modelo Anexo II. O Concello resérvase o dereito de permitir ou denegar a cesión temporal.

Artigo 9.- Réxime de autorización.

9.1.- As autorizacións outorgaranse directamente aos solicitantes que reúnan as condicións requiridas, salvo se, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o seu número, en cuxo caso serano en réxime de concorrencia pública, respectando as previsións contidas nos artigos 86 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e 76 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, así como o capítulo II da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio e en condicións non discriminatorias.

9.2.- O procedemento deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

9.3.- En ningún caso o procedemento poderá esixir o deber de residencia neste municipio como requisito de participación.

Artigo 10.- Solicitude e documentación a presentar.

10.1.- Os interesados presentarán a súa solicitude conforme co modelo que consta como anexo I, na cal se fará constar:

a) Nome e apelidos, enderezo para os efectos de notificación, número do DNI e letra de identificación fiscal e no caso de estranxeiros, o núm. do NIE. Igual datos faranse constar cando se formule por representante autorizado.

b) Modalidade de venda que se pretenda exercer e emprazamento solicitado.

c) Modalidade

10.2.- Á solicitude achegarase:

A) Declaración responsable na que manifeste:

1. Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

2. Estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados.

3. Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

4. Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

5. Dispoñer, se é o caso, da titulación e colexiación oficial que resulten esixibles.

6. Cumprir os requisitos que impón a normativa sanitaria, no caso de autorizados á venda de produtos de alimentación e herbodietética.

7. Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.

8. Non ter pendente o cumprimento de ningunha sanción imposta por este concello relativa á venda ambulante.

9. Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, de tratarse de persoas estranxeiras.

10. Dispoñer do NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persona que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.

11. Dispoñer do seguro de responsabilidade civil.

12. Dispoñer, no caso dos camións e vehículos tenda, do permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estar ao día no pagamento do seguro obrigatorio de vehículos a motor.

13. Dispoñer, no seu caso, da documentación acreditativa de que o vehículo tenda reúne as condicións de hixiene e sanidade esixibles.

14. Dispoñer, no seu caso, do certificado de correcto funcionamento das máquinas e instalacións que se utilicen.

15. Estar en posesión da documentación acreditativa do cumprimento dos ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización.

B) Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria, e se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas. Poderá substituírse a presentación da alta e certificado de estar ao corrente no IAE pola correspondente autorización ao Concello para verificar tales datos.

C) Copia do NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persona que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.

D) No caso de que o vendedor que solicita o posto pertenza a unha cooperativa ou sociedade como traballador no réxime xeral; presentará contrato de traballo no que se especificará a xornada laboral, que será como mínimo de 7 horas á semana.

10.3.- Non obstante o apartado anterior, non será esixible acreditación documental doutros requisitos detallados na declaración responsable, sen prexuízo das facultades de comprobación e inspección que correspondan.

10.4.- Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o apartado anterior, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude.

Artigo 11.- Contido mínimo da autorización.

- 1) Datos identificativos do titular.
- 2) Prazo de validez.
- 3) Número de autorización.
- 4) Horario e datas durante as que poderá exercerse a actividade e ocuparse o espazo público.
- 5) Produtos cuxa venda se autoriza.
- 6) Frecuencia e rutas para as que se autoriza, no seu caso.
- 7) Posto no que poderá exercerse a actividade, no caso de mercados periódicos organizados: número adxudicado, dimensións e características.

Artigo 12.- Tarxeta ou documento acreditativo.

12.1.- O Concello expedirá unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante no que constarán os datos establecidos no artigo anterior e un enderezo para a recepción de posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

12.2.- O vendedor deberá ter exposta esta tarxeta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible.

Artigo 13.- Rexistro de vendedores ambulantes.

13.1.- O Servizo Administrativo que en cada momento teña encomendado a xestión do comercio ambulante levará, aos meros efectos estatísticos, un censo no que se numerarán correlativamente as autorizacións concedidas.

13.2.- A inscrición neste censo non ten carácter habilitante para o exercicio da actividade comercial e os seus datos actualizaranse de oficio.

13.3.- Garantirase a interoperabilidade técnica con outros rexistros sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, sobre o libre acceso das actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 14.- Revogación.

14.1.- A autorización poderá ser revogada unilateralmente por razóns de interese público, sen xerar neste caso dereito ningún de indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabo do uso xeral. Igualmente cando sendo obtida a autorización mediante un procedemento de concorrencia competitiva se incumpran as condicións establecidas no referido proceso de concorrencia.

14.2.- Tamén poderá revogarse temporalmente como sanción accesoria.

Artigo 15.- Extinción.

Sen prexuízo do disposto noutros artigos desta ordenanza, as autorizacións extinguíranse polas seguintes causas:

- 1) Transcurso do prazo.
- 2) Renuncia expresa e escrita do titular.
- 3) Quebra do titular declarada por resolución xudicial firme.
- 4) Causas sobrevidas de interese público.
- 5) Perda dalgún dos requisitos esixidos nesta ordenanza e demais normativa de aplicación.
- 6) Falta de pagamento das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente ordenanza fiscal.

7) Como sanción accesoria.

CAPÍTULO II - Funcionamento da venda ambulante

Artigo 16.- Emprazamento da venda ambulante.

16.1.- De conformidade co establecido no artigo 11, a autorización determinará a localización de cada posto ou emprazamento onde se exercite a venda ambulante.

16.2.- Respecto dos mercados periódicos organizados, a distribución e superficie dos postos preverase na súa convocatoria de concorrencia competitiva.

Artigo 17.- Características dos postos e outras instalacións.

17.1.- A venda ambulante exercerase mediante postos desmontables, camións ou vehículos tenda ou mediante carriños e instalacións similares de carácter itinerante e reunirán, en todos os casos, as debidas condicións de seguridade, salubridade, limpeza e decorosa presentación, podendo ordearse a súa retirada en caso contrario.

17.2.- Non se permite a exposición do xénero directamente sobre o pavimento.

Artigo 18.- Obrigas dos autorizados.

18.1.- Estar en posesión da autorización municipal.

18.2.- Cumprir as condicións establecidas na autorización.

18.3.- Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.

18.4.- Non producir molestias e incomodidades que perturben a orde pública. En ningún caso se poderán anunciar as mercancías por sistemas de megafonía ou aparellos reprodutores de son de calquera tipo.

18.5.- Manter os postos ordenados e en adecuadas condicións hixiénicas. A este respecto, unha vez finalizada

a actividade, os autorizados recollerán nun recipiente os refugallos producidos e depositaranos nos correspondentes colectores, debendo quedar o espazo ocupado nas mesmas condicións hixiénicas que estaba antes da ocupación.

18.6.- Estar en posesión de facturas ou albaráns que acrediten a procedencia da mercadoría.

18.7.- Manter un trato correcto co público, persoal municipal e usuarios do mercado.

18.8.- Acatar as ordes dadas polas autoridades competentes.

CAPÍTULO III - Condicións específicas de cada modalidade de venda ambulante

Sección 1ª.- Venda en feiras e mercados periódicos organizados

Artigo 19.- Concepto.

19.1.- Teñen a consideración de feiras e mercados periódicos organizados os que se realizan de forma periódica ao longo de todo o ano, na situación, días e lugares prefixados polo concello.

Non obstante, cando circunstancias derivadas de acontecementos especiais, causas de forza maior ou razóns de orde pública así o aconsellen, poderán suspenderse temporalmente as autorizacións, modificar datas ou horarios ou determinar novos emprazamentos sen que isto xere dereito a indemnización de ningún xeito a prol dos autorizados e sen prexuízo do establecido na ordenanza fiscal sobre o posible prorrateo da taxa.

19.2.- O Pleno da Corporación acordará a instalación de mercados periódicos organizados, tendo en conta as características e necesidades deste concello e atendendo á densidade de tráfico e circulación, ao acceso aos edificios de uso público, locais comerciais e industriais e aos seus escaparates e exposicións, ás condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene, ao interese das persoas consumidoras e á tradición e arraigo no municipio desta modalidade de venda. A creación destes espazos para para a ubicación de mercados farase consonte ao indicado no artigo 72.1.a) da Lei 13/2010, de 13 de decembro, e realizarase unha consulta previa e non vinculante as asociacións de sectores que podan verse afectados pola ubicación destes mercados. No acordo de creación de mercados ou para o seu traslado deberán determinarse, como mínimo, os seguintes extremos: ubicación, número e dimensión dos postos, día e horario de celebración, produtos obxecto de comercialización e vixencia das autorizacións.

Artigo 20.- Procedemento de concesión da autorización.

20.1.- Atendendo á limitación de autorización e á temporalidade destas, para a súa concesión articularase procedemento de concorrencia competitiva conforme ao disposto no artigo 76 da Lei 13/2010, do 17 de decembro.

20.2.- A convocatoria do procedemento e as bases que a rexerán aprobaranse pola Alcaldía do Concello de Burela, sen prexuízo do uso das súas facultades de delegación. A adxudicación farase a favor dos

seleccionados que cumpran os requisitos, condicionada á presentación do xustificante de pago da taxa municipal no prazo improrrogable de 15 días.

20.3.- A convocatoria de concorrencia competitiva para o outorgamento de autorizacións deberá realizarse con periodicidade anual sempre que existan postos vacantes. Non obstante, de forma transitoria até a referida convocatoria anual poderán concederse de forma directa autorizacións para os referidos postos vacantes, sempre con arranxo os criterios xerais presentes na presente ordenanza e aos específicos da última convocatoria de concorrencia realizada.

O período de tempo de uso dunha autorización con carácter de transitoria non poderá contar como mérito dos correspondentes procedementos de concorrencia.

Artigo 21.- Criterios a valorar para o outorgamento de autorizacións

21.1.-Os criterios de valoración das solicitudes para postos vacantes en feiras e mercados periódicos serán os seguintes e até o máximo indicado:

- Antigüidade: O exercicio de venda ambulante no mercado periódico do que se trate. Até un máximo do 60%.
- Experiencia: Experiencia na profesión segundo vida laboral ou semellante. Até un máximo do 30%.
- Formación: a participación en cursos, conferencias ou xornadas nesta materia ofrecidas por entidades públicas ou homologadas por estas. Até un máximo do 20%

21.2.- Os procedementos de concorrencia competitiva para o outorgamento de autorización para postos vacantes en feiras e mercados periódicos poderán segmentar as autorizacións, e o seu número máximo; por tipoloxía ou temática do comercio ambulante; sempre que no acordo plenario de fixación destes se realizará segregación de lugares por tipo ou temática de venda.

Artigo 22.- Vixencia e renovación das autorizacións

As autorizacións que habiliten para a venda en mercados periódicos terán unha duración de 4 anos. Non obstante, os titulares das autorizacións sinaladas no apartado anterior deberán solicitar anualmente a súa renovación até completar a duración máxima establecida. O prazo para solicitar a renovación deberá estar indicado nas bases das convocatorias de concorrencia para o outorgamento de postos.

Artigo 23.- Réxime de funcionamento: horario, postos, vehículos e produtos autorizados

23.1.- O horario da feira está establecido polo acordo plenario de fixación, que deberá asegurar a compatibilidade entre a actividade comercial e o descanso, especialmente no referente ás tarefas de montaxe. Con carácter xeral o horario será o seguinte:

- Montaxe dos postos e descargas de mercadorías: entre as 7:00 e as 9:00 horas
- Actividade comercial: entre as 9:00 e as 14:00 horas
- Desmontaxe dos postos e recollida de mercadorías: entre as 14:00 e as 16:00 horas

23.2.- Os produtos autorizados serán os seguintes:

Alimentación:

- Todos os alimentos cumprirán as normativas sanitarias esixidas para cada un deles, sendo indispensable que se presenten debidamente envasados, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa.
- Todos os alimentos deberán estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade. Evitarase a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e da choiva.
- Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizaranse utensilios adecuados.
- persoal que expendan alimentos deberá gardar as adecuadas condicións de aseo e limpeza na roupa de traballo.

Téxtil, calzado e complementos: Roupa, calzado, bixutería, complementos, téxtil fogar, marroquinería, pequena quincalla, mercería e similares.

Típicos ou tradicionais: Apeiros de labranza, artesanía e similares.

De temporada: Árbores froiteiras, plantas, flores, sementes e similares.

Varios: Bricolaxe, xoguete, droguería e perfumería, libros, música e similares.

Sección 2ª.- Venda en festas populares e noutros mercados ocasionais**Artigo 24.- Festas populares.**

24.1.- Poderá autorizarse a venda ambulante en festas populares.

24.2.- A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarse cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

Artigo 25. Mercados ocasionais.

25.1.- A alcaldía poderán acordar pola Policía Local, o establecemento de mercados ocasionais determinando, como mínimo:

a. O lugar e data no que se celebrará e a tipoloxía de venda ambulante admitida, tendo en conta as características e necesidades e, especialmente, os indicadores seguintes:

1. Densidade de tránsito e circulación.
2. Acceso aos locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.
3. Acceso aos edificios de uso público.
4. Condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene.
5. Interese das persoas consumidoras.
6. Tradición e arraigo no municipio desta modalidade de venda.

b. A previsión do número de postos ou autorizacións.

c. Os produtos que poderán ser ofrecidos á venda.

25.2.- O réxime de concesión da autorización será o establecido para os mercados periódicos organizados, sen prexuízo das especialidades que poidan establecerse.

Sección 3ª.- Venda mediante postos instalados na vía pública**Artigo 26. Réxime de funcionamento.**

26.1.- Poderá autorizarse a venda ambulante realizada mediante a ocupación da vía pública con postos desmontables de carácter illado, xa sexa de maneira ocasional ou habitual.

26.2.- A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarse cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

26.3.- Queda prohibida a venda ambulante de calquera mercadoría na vía pública sen posto.

Sección 4ª.- Venda mediante camións ou vehículos tenda**Artigo 27.- Réxime de funcionamento.**

27.1.- Poderá autorizarse a venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda.

27.2.- A solicitude presentarse conforme co disposto no artigo 9 e cunha antelación mínima de quince días naturais ao exercicio da actividade.

27.3.- A autorización determinará o ámbito xeográfico ou perímetro do termo municipal no que se exercerá este tipo de venda, tendo en conta a densidade de tráfico e circulación, o acceso a locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates e exposicións, o acceso a edificios de uso público e o interese para as persoas consumidoras.

Sección 5ª.- Venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante**Artigo 28.- Réxime de funcionamento.**

28.1.- Poderá autorizarse a venda ambulante a pé, utilizando carriños ou outras instalacións de carácter itinerante.

28.2.- A solicitude, conforme co disposto no artigo 9, presentarse cunha antelación mínima de seis días hábiles ao exercicio da actividade.

28.3.- A autorización determinará o ámbito xeográfico ou perímetro do termo municipal no que se exercerá este tipo de venda, tendo en conta a densidade de tráfico e circulación, o acceso a locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates e exposicións, o acceso a edificios de uso público e o interese para as persoas consumidoras.

TÍTULO III**A VENDA AMBULANTE EN ESPAZOS PRIVADOS****Artigo 29.- Venda ambulante en solo privado.**

29.1.- A venda ambulante en solo privado non requirirá a obtención de autorización de ningún tipo, rexéndose polo sistema de comunicación previa e declaración responsable.

TÍTULO IV**RÉXIME DE INSPECCIÓN E SANCIÓN****CAPÍTULO I - Réxime de inspección****Artigo 30.- Réxime de inspección.**

30.1.- O Concello de Burela exercerá, respecto de toda a venda ambulante que se leve a cabo no seu termomunicipal, as funcións de inspección e sanción, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

30.2.- A estes efectos, o concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, notificando, no seu caso, aos órganos autonómicos competentes os feitos de que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituir infracción á lexislación de defensa da competencia.

30.3.- Poderán, así mesmo, inspeccionarse os produtos, actividades e instalacións, así como recabar dos seus titulares tanta información resulte necesaria en relación con eles.

30.4.- En especial, vixiarase que os lugares de venda se atopen en condicións de limpeza e salubridade, poñendo especial atención nos produtos perecedoiros e de alimentación.

CAPÍTULO II - Réxime sancionador**Artigo 31.- Réxime xeral de infraccións e sancións.**

O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento así como das determinadas na normativa reguladora do comercio minorista e da defensa dos consumidores e usuarios, dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador que se axustará ás determinacións da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e aos principios da potestade sancionadora recollidos no Capítulo Terceiro do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 32.- Infraccións.

32.1.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

32.2.- Serán faltas leves:

- As pequenas discusións
- A non retirada do posto dentro do horario establecido.
- Non expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal.
- Non comunicar ó Concello os cambios de domicilio do titular da autorización.
- A ocupación do dominio público con módulos ou vehículos cando non estea expresamente autorizado.
- Empregar megáfonos ou altosfalantes sen autorización.
- Calquera outra infracción ó disposto neste Regulamento que non estea cualificada como falta grave ou moi grave.

32.2.- Serán faltas graves:

- A alteración da orde pública por discusións.
- A falta de ornato e limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- Non ter perfectamente visibles os prezos dos artigos postos á venda.
- O desacato ou desobediencia ás disposicións, mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes ou funcionarios competentes nesta materia.
- As modificacións na estrutura das instalacións ou postos sen autorización ou incumprindo as normas ditadas polo Concello ó respecto.
- As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos.

- Non acreditar con factura ou albarán xustificativo a correspondente procedencia da mercadoría á venda para a súa posible comprobación e control.
- A venda de artigos distintos ós autorizados.
- Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira.
- Non instalar o posto no lugar asignado para tal efecto.
- Tirar ou deixar no dominio público o lixo ou refugallos da actividade.
- A reiteración de calquera falta leve no transcurso dun ano desde a comisión da primeira.

32.3.- Serán faltas moi graves:

- A instalación dos postos sen autorización ou a realización de venda en tránsito a pé sen dispor da autorización municipal.
- A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde.
- A venda de produtos que vulneren as leis de propiedade intelectual.
- O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- A reiteración de dúas faltas graves dentro do ano.

32.4.- A aquelas infraccións da presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984 do 19 de xullo, Xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no devandito texto legal, así como nas normas que o desenvolven.

Artigo 33.- Sancións.

As sancións que se aplicarán serán as que seguen:

1.- Por faltas leves:

- Apercibimento.
- Multa de ata 750,00 euros.

2.- Por faltas graves:

- Multa de 750,01 ata 1.500,00 euros.
- Suspensión temporal da autorización de 15 a 30 días hábiles.

3.- Por faltas moi graves:

- a. Multa de 1.500,01 ata 3.000,00 euros.
- b. Suspensión temporal da autorización de 30 días hábiles a 6 meses.
- c. Revogación da autorización sen dereito a indemnización, ata coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción moi grave, poderá impoñerse a sanción de prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por período de ata 3 anos. Esta sanción aplicarase acumulándoa á contemplada na letra c).

4. Todo vendedor sancionado economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.

Artigo 34.- Prescrición das faltas.

34.1.- As faltas prescribirán:

- As leves aos 6 meses.
- As graves aos 2 anos.
- As moi graves aos 3 anos.

34.2.- O prazo de prescrición comezará a contarse dende que a falta se comete e, unha vez iniciado o expediente, quedará paralizado o prazo de prescrición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Até o fixación dos correspondentes acordos plenarios de fixación de mercados periódicos, e aos efectos do establecido no artigo 72 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia; establécese como mercado periódico o celebrado tradicionalmente todos os venres no centro da localidade de Burela.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Aos efectos de determinar a antigüidade dos postos periódicos e outros criterios de valoración, e ante a ausencia previa a esta ordenanza de regulamentación ao efecto; determinase que se poderá probar eses criterios de valoración previos á presente ordenanza mediante calquera medio admitido en dereito.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Será igualmente de competencia municipal, radicada na persoa titular da Alcaldía; a competencia sancionadora respecto ás infraccións tipificadas nos artigos 104,105 e 106, da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, relativas á venda ambulante ou non sedentaria, de acordo co artigo 113 da citada lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Establécese, aos efectos do apartado 4 do artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; como obrigatorio para presentación das solicitudes referidas ás autorizacións comprendidas neste ordenanza o uso dos modelos que figuran como anexo a esta; ou aqueles que figuren nas convocatorias de concorrencia pública que se realicen. En todo caso, o deseño final dos modelos poderá sufrir modificacións, sempre que non se altere ningún campo, nin por modificación, substitución, supresión ou engádego.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas aquelas normativas e preceptos legais vixentes no Concello de Burela e que contradigan a presente ordenanza de regulación da venda ambulante.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Burela, 22 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.



CONCELLO DE BURELA
Rúa Eijo Garay, 20. Burela. 27880 Lugo

Solicitud de Autorización para o Exercicio de Venda Ambulante

DIR3 L01279024

Datos do interesado

Tipo de persona Núm. de identificación

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Datos do representante

Tipo de persona Núm. de identificación

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

(Só se Poder de representación que ostenta = Estou adscrito a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación

Email

Móbil

País

Provincia

Municipio

Núcleo diseminado

Código postal

Tipo Vía

Enderezo

Número / Km Bloque Escaleira Planta Porta Extra

Datos da actividade

Tipo de actividade	Código IAE	Descrición da Actividade	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Nomee / Rótulo Comercial	Inicio previsto de actividade	Aforamento	Licenza urbanística
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Observacións			
<input type="text"/>			

Emprazamento

Referencia Catastral	Localización			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			
Clase	Superficie	Coefficiente	Uso	Ano de Construción
<input type="text"/>	<input type="text"/> m ²	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Datos da ocupación de dominio público

Existe ocupación de dominio público?

Finalidade	Superficie Ocupada	Afecta a algún elemento urbanístico?	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
		<small>(Dí se Afecta a algún elemento urbanístico? = Si)</small>	
Duración da Ocupación	Delimitación Horaria		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
		<small>(Dí se Delimitación Horaria = Si)</small>	
Observacións			
<input type="text"/>			

Documentación Obrigatoria

- Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas

Documentación Opcional

- Copia do NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa, no caso de persoas xurídicas.
- Contrato de traballo

Declaro



Declaro responsablemente que:

1. Estou dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social
2. Estou dado de alta no imposto sobre actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados.
3. Cumpro cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos
4. Estou en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos
5. Dispoño, de ser o caso, da titulación e colexiación oficial que resulten exixíbeis
6. Cumpro cos requisitos que impón a normativa sanitaria, no caso de autorizados á venda de produtos de alimentación e herbodietética
7. Satisfixen as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal
8. Non teño pendente o cumprimento de ningunha sanción imposta por este Concello relativa á venda ambulante
9. Dispoño dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, son exixíbeis
10. Dispoño do NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa
11. Dispoño do seguro de responsabilidade civil
12. Dispoño, no caso dos camións e vehículos tenda, do permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estou ao día no pagamento do seguro obrigatorio
13. Dispoño, no seu caso, da documentación acreditativa de que o vehículo tenda reúne as condicións de hixiene e sanidade esixibles
14. Dispoño, no seu caso, do certificado de correcto funcionamento das máquinas e instalacións que se utilicen.
15. Estou en posesión da documentación acreditativa do cumprimento dos ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Burela
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Legitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://burela.sedelectronica.es/privacy

Firma

- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables**

Firma

En , o (dd/mm/aaaa) 



CONCELLO DE BURELA
Rúa Eijo Garay, 20. Burela. 27880 Lugo

Transferencia autorización de venda ambulante

DIR3 L01279024

Datos do interesado

Tipo de persona Núm. de identificación

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Datos do representante

Tipo de persona Núm. de identificación

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

(Só se Poder de representación que ostente = Estou adxerido a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación

Email

Móbil

País

Provincia

Municipio

Núcleo diseminado

Código postal

Tipo Vía

Enderezo

Número / Km Bloque Escaleira Planta Porta Extra

Expón / Solicita

Expón

Solicita

Datos da actividade

Tipo de actividade	Código IAE	Descrición da Actividade
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Nomee / Rótulo Comercial	Inicio previsto de actividade	Aforamento	Licenza urbanística
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Observacións

Documentación Obrigatoria

- Certificado de situación en el Censo de Actividades Económicas

Documentación Opcional

- Acta de constitución
- Contrato de traballo

Declaro



Declaro responsablemente que:

1. Estou dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social
2. Estou dado de alta no imposto sobre actividades económicas ou, no seu caso, no censo de obrigados.
3. Cumpro cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos
4. Estou en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos
5. Dispoño, de ser o caso, da titulación e colexiación oficial que resulten exixíbeis
6. Cumpro cos requisitos que impón a normativa sanitaria, no caso de autorizados á venda de produtos de alimentación e herbodietética
7. Satisfixen as taxas e tributos fixados na correspondente ordenanza municipal
8. Non teño pendente o cumprimento de ningunha sanción imposta por este Concello relativa á venda ambulante
9. Dispoño dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, son exixíbeis
10. Dispoño do NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa
11. Dispoño do seguro de responsabilidade civil
12. Dispoño, no caso dos camións e vehículos tenda, do permiso de circulación e da tarxeta de inspección técnica actualizada e estou ao día no pagamento do seguro obrigatorio
13. Dispoño, no seu caso, da documentación acreditativa de que o vehículo tenda reúne as condicións de hixiene e sanidade esixíbeis
14. Dispoño, no seu caso, do certificado de correcto funcionamento das máquinas e instalacións que se utilicen.
15. Estou en posesión da documentación acreditativa do cumprimento dos ditos requisitos e manter o seu cumprimento durante todo o prazo de vixencia da autorización

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Burela
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://burela.sedelectronica.es/privacy

Firma

- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables**

Firma

En , o 

(dd/mm/aaaa)

R. 0177

*Anuncio***EXPEDIENTES 2626/2024 E 2627/2024 EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVEMBRO 2024.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2024 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.750,44 €, correspondendo 913,12 € a libre concorrencia e 8.837,32 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 22 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0178

FOZ*Anuncio***Expediente núm.:** 2887/2024**Resolución con número e data establecidos á marxe****Procedemento:** Cargos Públicos (Nomeamentos, Delegacións, Dedicacións e Retribucións)**DON FRANCISCO CAJOTO CASERÍO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ**

En virtude do disposto nos artigos 20 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 59, 61, 62 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e nos artigos 43, 44, 45, 46, 47, 48, 52, 53 e 112 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que no Concello de Foz en función da súa poboación, segundo o previsto no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 59 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é preceptiva a existencia da Xunta de Goberno Local.

Resultando que segundo establece o artigo 52 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, ao igual que o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde, que a preside, e concelleiros e concelleiras nomeados libremente pola persoa que ostenta a Alcaldía como membros da mesma, prevendo que os pode cesar libremente, en todo momento a calesqueira membros da Xunta de Goberno. Segundo o establecido en ditos artigos o número de concelleiros e concelleiras que o Alcalde pode nomear como membros da Xunta de Goberno Local non pode superar o terzo do número legal de membros da corporación, que no caso de Foz ascende a cinco.

Resultando que segundo prevé o artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, así como o artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Resultando que o artigo 43 do ROF, en consonancia co artigo 120, prevén a delegación de competencias e contempla a existencia de concelleiros e concelleiras delegados, indicándose no artigo 120 que se perde a condición de concelleiro/a delegado por revogación da delegación, adoptada pola persoa que ostenta a Alcaldía coas mesmas formalidades previstas para o seu outorgamento. Segundo o previsto no artigo 43 do ROF, o Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais, que, para cometidos específicos, poda realizar a favor de calquera concelleiro ou concelleira, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local. As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo poden efectuarse delegacións específicas en calquera concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o concelleiro ou concelleira que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros ou concelleiras con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área. As delegacións especiais poderán ser de dous tipos: relativas a un proxecto ou asunto determinado ou relativas a un determinado servizo.

Resultando que segundo establece o artigo 46 do ROF, os nomeamento e ceses dos Tenentes de Alcalde realizarase mediante Resolución da Alcaldía da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde, se na mesma non se dispón outra cousa.

O artigo 52 prevé que os nomeamentos e ceses dos membros da Xunta de Goberno Local serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 46, remitíndose polo tanto ó procedemento previsto para o nomeamento e cese dos Tenentes de Alcalde.

A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte do delegado, entendéndose aceptada tacitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo ao membro ou órgano destinatario non se fai mención expresa da non aceptación

Respecto ás delegacións, o artigo 44 do ROF indica que serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía e surtirán efecto dende o día seguinte ó da data do Decreto, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Tendo en conta o disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao respecto das retribucións dos membros da Corporación no exercicio dos seus cargos. Vista a parte dispositiva do acordo acadado na sesión de pleno de organización, celebrada o 07 de xullo de 2023 en atención ás dedicacións dos membros da Corporación para o presente mandato electoral.

Tendo en conta a renuncia expresa formulada polos concelleiros e concelleiras delegados D. Francisco Xavier Fanego Bermúdez, D. Simeón Neira López, D. Benito García Bolaño e D^a. Zoraida Coira Vázquez, ás delegacións e tenencias de alcaldía que ostentaban.

Esta Alcaldía ten a ben dictar a seguinte **RESOLUCIÓN**

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local, que dende este momento estará integrada polos seguintes 5 concelleiros e concellerías, baixo a presidencia da Alcaldía:

Inés López Couto

Ángel Fernández Neira

Ana Matea Rojo Eijo

Elena Martínez Pena

Katherina Asunción Navarro Machado

Esta designación surtirá efectos dende o día seguinte á notificación desta Resolución ás persoas concelleiras afectadas, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

SEGUNDO.- Modificar o nomeamento de tenentes de alcalde deste Concello, nomeando aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituíran a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeira tenente de alcalde: Inés López Couto

Segundo tenente de alcalde: Ángel Fernández Neira

Corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír a este alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ó tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias. De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída pola primeira tenente de alcalde. Esta Resolución de Alcaldía será comunicada aos tenentes de alcalde afectados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

Os nomeamentos surtirán efectos dende o día seguinte á notificación desta Resolución ás persoas concelleiras afectadas, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte ao disposto no artigo 46 do ROF.

TERCEIRO.- Modificar as delegacións outorgadas ata este momento no presente mandato electoral, quedando dende este momento establecidas as seguintes Delegacións por áreas de xestión e servizos municipais:

- Manter na Alcaldía, a encomenda da coordinación das distintas delegacións, asumindo con carácter específico as competencias en Obras (inclúe abastecemento, saneamento, desbroce de camiños e medio rural), Parques e Xardíns, Urbanismo e Seguridade Cidadá

- Inés López Couto.

Primeira Tenente de Alcalde. Delegación en Economía, Facenda e Cultura (inclúe festas e patrimonio)

- Ángel Fernández Neira.

Segundo Tenente de Alcalde. Delegación en Medio Ambiente (inclúe recollida de lixo e limpeza viaria), Deportes, Xuventude, Mar e Alumeado Público.

- Ana Matea Rojo Eijo.

Concelleira de Servizos Sociais (inclúe residencia e escolas infantís), Muller, Igualdade e Inmigración.

- Elena Martínez Pena.

Concelleira de Educación (inclúe colexios, instituto e aula universitaria), Innovación e Participación Cidadá.

- Carlos García Rodríguez.

Concelleiro con delegación especial en Relacións Institucionais, Comunicación e Coordinación de Axenda 2030.

- Katherina Asunción Navarro Machado.

Concelleira de Turismo, Comercio e Sanidade.

As delegacións efectuadas nesta Resolución refírense ás facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

As delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á notificación desta Resolución ás persoas concelleiras afectadas, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo consonte o establecido nos artigos 44, 46 e 52 do ROF, así como sen prexuízo da potestade de avocación da Alcaldía. A delegación de funcións require, para a súa eficacia, da aceptación por parte da persoa concelleira delegada, entendéndose aceptada tácitamente se nos tres días hábiles dende a notificación do acordo á persoa concelleira destinataria non se fai mención expresa da non aceptación, en consonancia co disposto no artigo 114 do ROF.

As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro/a. Terase a obriga de manter informado puntualmente á Alcaldía das actuacións que se adopten por delegación.

CUARTO.- Modificar ás asignacións de cargos con dedicación nos termos que a continuación se relacionan, atendendo á dedicación e responsabilidade das funcións representativas encomendadas aos mesmos, establecendo os réximes de dedicación seguintes de entre os establecidos mediante acordo de Pleno, do 07 de xullo e conforme ás condicións establecidas no mesmo e na lexislación vixente:

- D Francisco Cajoto Caserío, en réxime de dedicación parcial na súa condición de Alcalde ao 25% por importe de 11.980,29 €.

- D^a Inés López Couto, en réxime de dedicación parcial ao 50% na súa condición de 1^a Tenente de Alcalde, con Delegación en Economía, Facenda e Cultura (inclúe festas e patrimonio) por importe de 23.960,58 €.

- D^a Ana Matea Rojo Eijo, en réxime de dedicación parcial ao 50% na súa condición de Concelleira delegada Concelleira de Servizos Sociais (inclúe residencia e escolas infantís), Muller, Igualdade e Inmigración, por importe de 23.960,58 €.

- D Ángel Fernández Neira, en réxime de dedicación parcial ao 25% na súa condición de 2º Tenente de Alcalde con Delegación en Medio Ambiente (inclúe recollida de lixo e limpeza viaria), Deportes, Xuventude, Mar e Alumeado Público, por importe de 11.980,29 €.

- Extinguir a asignación establecida no seu momento a favor de D^a Zoraida Coira Vázquez, con base na renuncia expresa por parte da antedita concelleira ás delegacións outorgadas ao seu favor.

Establecer como data de efectos das asignacións previstas no presente punto a favor de cada un dos concelleiros e concelleiras, en atención ás súas responsabilidades, a data da súa aceptación, considerándose aceptadas tacitamente salvo manifestación expresa en contrario no prazo de tres días hábiles.

As retribucións anteriores distribuiranse en catorce mensualidades anuais, coa mesma periodicidade establecida para os empregados públicos municipais, e deberán actualizarse co incremento anual que dende a data do acordo plenario de 7 de xullo de 2023 se veu producindo cada ano segundo o establecido polos Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario, así como conforme ás actualizacións que se vaian producindo en cada anualidade con base na antedita normativa.

Os membros do Concello aos que se aplique o réxime de dedicación parcial, ademais de percibir as retribucións fixadas polo Pleno, deberán estar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o abono das súas cotas empresariais, incluída a protección por desemprego, ou, cando corresponda, das cotizacións das mutualidades, sen prexuízo, cando legalmente proceda, do abono dos trienios ou concepto retributivo da antigüidade equivalente.

Deberá procederse á baixa na Seguridade Social da asignación extinguida.

Así mesmo, aplicarase o incremento retributivo adicional vinculado a evolución do PIB, que se aprobe para o persoal do sector público sempre que non supere o máximo legal establecido en concepto de retribucións nas correspondentes leis de orzamentos do estado.

QUINTO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar, do presente decreto, que producirá efectos dende o día seguinte ó da súa notificación, en todo caso consonte ao disposto en cada un dos puntos da presente resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP, conforme o disposto nos art. 44, 46 e 52 do RD 2568/1986, dando así mesmo publicidade á presente resolución mediante a súa inserción no portal de transparencia.

SEXTO.- Determinar a revogación deixando sen efectos as anteriores resolucións previas neste ámbito que contradigan o disposto na presente resolución.

Foz, 22 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío. Ante min, a Secretaria Xeral aos efectos do disposto no artigo 3.2f) Real Decreto 128/2018, M.^a Luz Balsa Rábade.

R. 0179

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 22 de xaneiro de 2025, adoptou entre outros o acordo 4/25, polo que se acorda delegar no Tenente de Alcaldesa da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais para a resolución de todos o actos de trámite e resolutivos en relación coa **CONTRATACIÓN DO CONTROLADOR DE PRIMEIRO NIVEL DO PROXECTO SOCILIBRE (CP: 242410002)**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 22 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0180

Anuncio

Excm. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo 5/636 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUTURAL TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO.

- Polo Decreto Nº 10703/2022 do 08/11/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 5/636 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 270 do 25 de novembro de 2022 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 236, de 14 de decembro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 311, do 28 de decembro de 2022.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 adoptou o acordo 2/85 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD Á PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO/LIBRE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 5/636 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVEMBRO DE 2022.

Dito acordo foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 99 do 23 de maio de 2024 e no “Boletín Oficial do Estado” núm. 133 do 1 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 9 de outubro de 2024 adoptou o acordo 4/440 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 23 de outubro de 2024, adoptou o acordo 9/462 MODIFICACIÓN DO ACORDO 4/440 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 9 DE OUTUBRO DE 2024.

- Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 13 de decembro de 2024, ACORDA:

“(…)

SEGUNDO.- Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para elevar ao órgano competente e para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo resultando ser a seguinte:

Apelidos e nome	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
LOPEZ SEIJAS, PATRICIA	***4338**	52,55

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal. De non presentarse tales alegacións esta proposta será considerada co carácter de definitiva.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.”

- Con data do 8 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentacións de alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, sen terse recibido ningún escrito de alegacións, considerándose polo tanto a proposta do Tribunal cualificador con carácter definitivo.

Por todo o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284 de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Facer pública a seguinte relación da aspirante aprobada no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICO/A DE TURISMO INCURSA NO SUPOSTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO:

Apelidos e nome	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
LOPEZ SEIJAS, PATRICIA	***4338**	52,55

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 22 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa Presidenta, Excm. Sra dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0181

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO XERAL 2025

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente do Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o exercicio 2025, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 20/12/2024, transcurrido o prazo de exposición pública non habendo alegacións queda este definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

Cap.	ESTADO DE GASTOS	Consignación
1	GASTOS DE PERSONAL	5.274.507,45
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	5.325.971,75
3	GASTOS FINANCIEROS	69.547,05
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	394.132,72
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	230.000,00
6	INVERSIONES REALES	1.492.668,65
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	28.005,06
9	PASIVOS FINANCIEROS	194.082,06
	Total Presupuesto	13.013.914,74

ESTADO DE INGRESOS		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	2.854.000,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	900.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	3.113.759,06
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	4.154.366,66
5	INGRESOS PATRIMONIALES	512.809,02
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.450.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	28.980,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
Total Presupuesto		13.013.914,74

De conformidade co disposto no artigo 171 do referido Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito e en cumprimento do disposto no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, faise público o cadro de persoal aprobado xunto co orzamento:

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE RIBADEO ORZAMENTO XERAL DE 2025 Artigo 90.1 Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL
--

A) PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO	OBSERVACIÓNS
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1.- SECRETARIO/A	1	1	A1	Vacante
1.2.- INTERVENTOR/A	1	1	A1	Vacante
1.3.- TESOUREIRO/A	1	1	A1	Vacante
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL				
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
2.2.1.- TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL	1	---	A1	
2.2.2.- TÉCNICO DE XESTIÓN	4	2	A2	(2) Vacante
2.2.3.- ADMINISTRATIVO SECRETARIA	2	2	C1	
2.2.4.- ADMINISTRATIVO SERVIZOS ECONÓMICOS	1	---	C1	
2.2.5.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	---	C1	
2.2.6.- ADMINISTRATIVO (RENDAS- EXACCIÓNS)	1	1	C1	1 Vacante
2.2.7.- ORIENTADORA LABORAL	1	1	A2	Vacante
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES				
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	1	1	C2	Cuberta Interinidade

2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS				
2.4.1.- ORDENANZA	1	--	E (AA.PP)	
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1	
3.1.2.- APARELLADOR	1	---	A2	
3.1.3. TÉCNICO MEDIO AMBIENTE	1	---	A1	
3.1.4. TÉCNICO INFORMÁTICO	1	---	C1	
3.1.5. TÉCNICO MEDIO RURAL	1	---	B	
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS				
3.2.1.- POLICÍA LOCAL				
3.2.1.1.- INSPECTOR XEFE	1	1	A2	1 Vacante
3.2.1.2.- AXENTE POLICÍA	11	---	C1	
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS				
3.2.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C2	
3.2.2.2.- OFICIAL OBRAS	1	---	C2	Vacante
3.2.2.3.- CHOFER ROZADORA	1	1	C2	Cuberta interinidade
3.3.- INMOBLES ESCOLARES				
3.3.1.- CONSERXE-CELADOR DE INMOBLES	1	1	E (AA.PP)	Cuberta interinidade
TOTAL	37	13	---	

B) PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO (ASIMIL.)	OBSERVACIÓNS
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA				
UNIDADE DE REXISTRO, PADRÓN, ARQUIVO				
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	Cuberta interinidade
DEPARTAMENTO DE OBRAS, CEMITERIO, LIMPEZA E SERVIZOS MÚLTIPLES				
UNIDADE DE OBRAS				
ARQUITECTO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	A1	
ADMINISTRATIVO OFICINA REHABILITACIÓN	1	---	C1	
OFICIAL ENCARGADO OBRAS	1	---	C2	
OFICIAL OBRAS	2	1	E (AA.PP)	1 Cuberto interinidade
OPERARIO OBRAS- SERVIZOS MÚLTIPLES	2	---	C2	
CONDUTOR PALA RETROESCAVADORA	1		C2	

UNIDADE DE CEMITERIO- SERVIZOS FUNERARIOS				
PEÓN COVEIRO	1	---	C2	
UNIDADE DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE				
XEFE GRUPO MEDIO AMBIENTE	1	---	C2	
CONDUTOR MECÁNICO	1	---	C2	
OFICIAL CONDUTOR	1	---	C2	
CONDUTOR RECOLLIDA ENSERES	1	---	C2	
OPERARIOS SERVIZO RECOLLEITA	2	1	E (AA.PP)	
OPERARIOS SERVIZO LIMPEZA	9	2	E (AA.PP)	Vacantes (2)
OPERARIO XARDINERÍA	1	---	E (AA.PP)	
OPERARIOS XARDINERÍA -SERV. MULTIPLES	4	---	E (AA.PP)	
CHOFER DESBROZADORA	2	1	C2	1 Vacante
LIMPEZA PRAIAS	4	1		(3) Fixos discontinuos (1) Vacante
XEFE EQUIPO SOCORRISMO	1	1		
SOCORRISTAS	15	6		(9) Fixos discontinuos (6) Vacante
TECNICO SANITARIOS	3	---		(3) Fixos discontinuos
UNIDADE SERVIZOS MANTEMENTO				
ELECTRICISTA	1	---	C2	
AUXILIAR ELECTRICISTA	1	1	C2	Vacante(1)
3. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS				
TRABALLADOR SOCIAL	2	---	A2	
EDUCADOR FAMILIAR	1	---	A2	Vacante
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2	
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	10	1	E (AA.PP)	Vacantes (1)
AUXILIARES ENFERMERIA (HOSPITAL ASILO)	7		E	
OFICIAL MANTEMENTO (HOSPITAL ASILO)	1		E	
LIMPIADORA (HOSPITAL)	1		E	
ATS (HOSPITAL ASILO)	1		A2	
TERAPEUTA OCUPACIONAL (HOSPITAL ASILO) MEDIA XORNADA	1		A2	
PSICÓLOGO SERVIZO DROGODEPENDENCIA	1	---	A1	
AVOGADA/O CENTRO INFORMACIÓN MULLER	1	---	A1	Cuberta Interinidade

4. DEPARTAMENTO DE CULTURA, XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL				
UNIDADE DE CULTURA				
TÉCNICO DE CULTURA	1	---	A2	
TÉCNICO INFORMACIÓN XUVENIL	1	---	A2	
AUXILIAR OFICINA TURISMO	1	---	C2	
BIBLIOTECARIA MUNICIPAL	1	---	A2	
INFORMADORES TURISTICO	5			Fixos discontinuos
UNIDADE DEPARTAMENTO DE DEPORTES				
MONITOR DEPORTES	1	---	C2	
UNIDADE DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR				
AUXILIAR O.M.I.C.	1	---	C2	
UNIDADE DE MÚSICA				
PROFESORES ESCOLA DE MUSICA	13	---	A2	13 Fixos descontinuos
UNIDADE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL				
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	---	A1	
TOTAL	109	16		

Ribadeo, 22 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0182

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **10/01/2025**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

FRIOL: titular: MANUEL RAMÓN PRADO FRAGA. DNI 33*022P.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 22 de xaneiro de 2025.- O Secretario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0183

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **10/01/2025**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

A PONTENOVA: substituto: MANUEL ALONSO LÓPEZ. DNI 33*841G.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incurso/nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 22 de xaneiro de 2025.- O Secretario de Goberno, Juan José Martín Álvarez.

R. 0184